

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Arteixo / Educación

Arteixo, 22 de marzo de 2024

Estimadas familias do alumnado de Básica II:

Como ben sabedes, ao renovar a matrícula das vosas fillas e fillos para o vindeiro curso 2024-2025, tedes que escoller disciplina instrumental.

Este ano, o alumnado que está a cursar Básica II remata a etapa de Música e Movemento e comeza unha nova etapa formativa, na que, durante catro cursos recibirá formación en Linguaxe Musical e máis a disciplina instrumental correspondente.

Cada semana terán dúas clases: unha de Linguaxe Musical (cunha duración de 1 hora) máis outra clase de instrumento (esta clase será de 30 minutos o primeiro ano e de 45 minutos nos cursos posteriores). Isto suporá tamén un cambio na cuantía das taxas a aboar, posto que o número de materias cursadas será de dúas á semana (no canto dunha como ata agora).

No impreso de renovación que vos achegamos tedes opción de solicitar ata 3 instrumentos diferentes, por orde de prioridade. A asignación instrumental realizarase tendo en conta as preferencias especificadas nese apartado.

Achegamos tamén a continuación as distintas disciplinas instrumentais que actualmente se imparten na EMMArteixo. Estas constitúen a oferta instrumental para o próximo curso. Non obstante, poderán ser solicitados outros instrumentos, aínda que a posibilidade de acceder á formación nos mesmos, estará suxeita á recepción dun mínimo de tres solicitudes (en primeira opción).

Lembrede que **o prazo establecido para a renovación de matrícula do alumnado de Básica II comeza o martes 2 de abril e remata o martes 16 de abril.**

Para realizar dita renovación, só tedes que enviar cuberto o modelo de renovación de matrícula que vos achegamos a emmaarteixo@gmail.com. O día 19 de abril publicaranse os listados de renovacións realizadas así como a adxudicación das disciplinas instrumentais.

Para calquera consulta podedes poñervos en contacto connosco a través do teléfono 671 582 787 ou do enderezo electrónico emmaarteixo@gmail.com. Atenderémosvos no período lectivo, os luns, mércores e venres de 9:00 a 13:15 h e os martes de 16:00 a 18:30h.

Recibide un cordial saúdo

O Equipo directivo da EMMA

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO – EMMArteixo CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

OFERTA INSTRUMENTAL DA EMMA PARA O CURSO 2024-2025



ACORDEÓN



CLARINETE



GAITA



PIANO



FRAUTA TRAVESEIRA



SAXOFÓN



GUITARRA CLÁSICA



PERCUSIÓN

INSTRUMENTOS DE VENTO METAL:



TROMBÓN



TROMPETA



TUBA



BOMBARDINO



TROMPA

INSTRUMENTOS DE CORDA FRETADA:



VIOLÍN



VIOLONCELLO

Nota: Poderán ser solicitados outros instrumentos non contemplados na relación anterior. A posibilidade de acceder á formación dos mesmos, estará suxeita á recepción dun mínimo de tres solicitudes (en primeira opción).